

ARTE 4 anos

Como ben sabedes iniciamos o 3º trimestre, e de momento farémolo así, telematicamente, agardando que a tódalas familias vos resulte doado e divertido levar a cabo as tarefas que iremos recollendo neste apartado.

Aquí vos deixo unha proposta para que fagades o que poidades cos vosos pequenos esperando que disfrutedes en familia nestes momentos tan difíciles.

Imos continuar co Proxecto que estabamos empezando a elaborar, pero agora facendo modificacións nos **materiais**, utilizando aqueles **que** seguramente todos **teñades** na casa.

MOITO ÁNIMO. BICOS PARA TODOS E TODAS.


UNHA APERTA.

SEMANA DO 13 AO 19 DE ABRIL

- Aproveitando que comezou a primavera debuxa nun folio **moitas** frores **grandes**. Repásaas cun rotulador e logo píntaaas empregando moitas cores.

SEMANA DO 20 AO 26 DE ABRIL

- Debuxa unha paisaxe de primavera cunha casita, unha árbore , frores e un sol. Repasa os debuxos cun rotulador e, en vez de pintar os debuxos por dentro con pintura, faille moitos **puntos** separados con rotulador (técnica punteado). Lembra facer os debuxos grandes para que quede máis vistoso)



Técnica punteado

SEMANA DO 27 DE ABRIL AO 3 DE MAIO

- Divide un folio en dúas metadas cunha raia. Na parte dereita da raia fai un debuxo. Logo intenta facer **o mesmo debuxo** no lado esquerdo pero **coa man esquerda**. Parécense?

